



Concello de Campo Lameiro

BANDO

D. Julio G. Sayáns Bugallo alcalde presidente do Concello de Campo Lameiro (Pontevedra)

FAI SABER:

QUE SE COMUNICOU A ESTE CONCELLO A EXISTENCIA DE **CABALOS MOSTRENCOS** DOS QUE SE DESCOÑECE O SEU VERDADEIRO DONO E QUE SE ATOPAN ABANDONADOS DENDE FAI TEMPO NAS PARROQUIA DE SAN ISIDRO E CHACENTE. SEGUNDO OS DATOS APORTADOS VÍRONSE ATA 12 EXEMPLARES EN SAN ISIDRO E 3 EN CHACENTE.

Estes animais estaban producindo importantes danos nas propiedades dos veciños do concello e son un perigo para a seguridade viaria.

As persoas físicas ou xurídicas que, unha vez capturados reclamen o rescate dos animais incautados deberán acreditar a súa propiedade diante da autoridade competente e **FACERSE CARGO DOS DANOS QUE HOUBERAN CAUSADO E DE IDENTIFICAR ÓS ÉQUIDOS.**

O prazo para reclamar, conforme o devandito texto legal é como máximo nos seis días seguintes á publicación deste Bando, ós efectos da súa captura.

Os équidos capturados, non identificados e non reclamados, consideraranse mostrencos a todos os efectos, e a Autoridade Municipal poderá decidir, segundo o artigo 28 do DECRETO 142/2012, que estable as normas de identificación e ordenación zosanitaria dos animais equinos en Galicia.

O que teño a ben informar para debido coñecemento e aplicación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE